

Iván Rodríguez Jiménez, secretario do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais en man común de Ourense

CERTIFICO:

Que na sesión do **2 de setembro de 2020** o Xurado adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

V.- En relación co expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado “Pereiro”, a favor dos veciños de Santa Comba, no Concello de Bande, comparece Agustín Lamas Salgado.

O Xurado comunicou ao comparecente a súa decisión de acordar a clasificación do monte, unha vez publicado polo Concello o edicto do inicio da clasificación como monte veciñal en man común polo período dun mes sen que se presentasen alegacións, publicado tamén o edito no DOG e recibida a certificación do Rexistro da Propiedade.





RESOLUCIÓN DO XURADO PROVINCIAL DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN DE OURENSE POLA QUE SE CLASIFICA O MONTE DENOMINADO “O PEREIRO”, NO CONCELLO DE BANDE.

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, de 4 de setembro, e de conformidade co disposto no art. 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, faise público que o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense, en sesión que tivo lugar con data 2 de setembro de 2020, adoptou a seguinte resolución:

Examinado o expediente de clasificación como veciñal en man común do monte denominado *Pereiro a favor dos veciños/as de Santa Comba, na parroquia de Santa Comba (San Trocado), no concello de Bande (Ourense)*, resultan os seguintes feitos:

Primeiro.- Con data 24 de outubro de 2017, tivo entrada no rexistro da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural escrito dirixido ao Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Agustín Lamas Salgado e Maribel Santos Pérez, no que solicitaba a clasificación como veciñal en man común de varias parcelas denominadas *O Pereiro*.

Segundo.- Con data 6 de novembro de 2019, o xurado provincial acorda iniciar o expediente de clasificación como veciñal en man común do referido monte, designando instrutor e realizando as comunicacións e publicacións ás que fan referencia os artigos 20, 21 e 23 do regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, abrindo un período de un mes para a práctica de alegacións.

Terceiro.- No prazo concedido para a práctica de alegacións non consta que se presentara ningunha.

Cuarto.- O monte obxecto de clasificación, de acordo coa documentación obrante no expediente, descríbese así:

Nome do monte: *Pereiro*.

Superficie: 0,04 ha.



Pertenza: CMVMC de Santa Comba.

Parroquia: Santa Comba (San Trocado).

Concello: Bande.

Descrición dos predios que constitúen o monte:

Na seguinte táboa indícase a referencia catastral da parcela obxecto de clasificación e as parcelas catastrais estremeiras:

Parcela obxecto de clasificación	Parcelas estremeiras		
Referencia catastral	Lindeiro	Polígono	Parcela
32007A069005080000XY	Norte	69	509
	Leste		9017
	Sur		503-507
	Oeste		519

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común é o órgano competente para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter, de acordo co establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade co disposto no artigo 1 da devandita Lei “son montes veciñais en man común... os que, con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria, pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e se veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade sen asignación de cotas polos membros daquelas na súa condición de veciños”.

Terceiro.- É reiterada doutrina da sala contencioso-administrativo do Tribunal Supremo que son dúas as notas características dos montes veciñais en man común: unha, o aproveitamento consuetudinario en man común, e outra, a atribución da titularidade dese aproveitamento ós veciños integrantes dun grupo social determinado, independentemente da súa cualificación ou non como entidade administrativa, correspondendo constatar o aproveitamento e atribuír a titularidade a favor do grupo social que o veña gozando ao Xurado Provincial de Clasificación.





Cuarto.- O carácter de monte veciñal en man común tense acreditado mediante as testemuñas dos veciños solicitantes, as actuacións realizadas polo servizo de Montes, e a documentación que consta no expediente.

En consecuencia co que antecede, examinada a Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, o seu regulamento, aprobado polo Decreto 260/1992, do 4 de setembro, o Decreto 149/2018 de 5 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da consellería do Medio Rural e demais normativa legal e regulamentaria, o xurado provincial por unanimidade dos seus membros,

Resolve:

Clasificar como monte veciñal en man común o monte denominado Pereiro, a favor dos veciños/as de Santa Comba, na parroquia de Santa Comba (San Trocado), no concello de Bande (Ourense). de acordo coa descrición realizada no feito cuarto.

Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Ourense no prazo dun mes, ou ben directamente recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do contencioso administrativo de Ourense, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao desta notificación, de acordo co disposto no artigo 12 da citada Lei 13/1989, nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa

Ourense, na data da sinatura

O Presidente do Xurado Provincial de Montes
Veciñais en Man Común de Ourense
Yago Borrajo Sánchez


Documento asinado electrónicamente



582400

582500

582600



582400

582500

582600

MAPA
Nº 3

TÍTULO: Localización da parcela a clasificar sobre cartografía catastral

DATA Outubro de 2017 ESCALA: 1:1.500 PROYECCION:ETRS. UTM. Zona 29 N

SUPERFICIE A CLASIFICAR:0,05 ha

 Parcela a clasificar

MVMC: Portela, Rabazal, Ouzal, Currás, Veiga e Outeiro das Pereiras

LUGAR: Santa Comba PARROQUIA: Santa Comba (San Trocado)

TERMO MUNICIPAL: Bande (Ourense)

PETICIONARIO:

CMVMC SANTA COMBA

AUTORA: Sandra Martínez Paz,
Enxeñeira de Montes Colexiada nº 4910

DATOS SIXPAC DA PARCELA: Polígono 69
Parcela 508
Recinto 1
Superficie SIXPac: 0,05 ha

REFERENCIA CATASTRAL: 32007A069005080000XY

CARTOGRAFÍA BASE:

Cartografía catastral

